

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA PILOTO DE REFORZO E MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DURANTE O PERÍODO ESTIVAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, e o Concello de Sanxenxo formalizaron o 25 de maio de 2022 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a posta en marcha no Concello de Sanxenxo dun Programa Piloto de reforzo e mellora da calidade dos servizos de Atención Primaria no eido da medicina de familia que, no caso de acadar os resultados agardados, poida ser estendido a outras entidades locais que presentan as mesmas necesidades coxunturais ao longo da xeografía da nosa comunidade autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De conformidade co artigo 50 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a Atención Primaria constitúe o primeiro nivel de acceso ordinario da poboación ao Sistema Público de Saúde de Galicia e caracterízase por un enfoque global e integrado da atención e a saúde e por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo/a paciente en calquera punto do sistema sanitario.

As actuacións de Atención Primaria desenvolveranse nos centros de saúde ou noutros periféricos que dos mesmos dependan, nos puntos de atención continuada, así como nos domicilios dos enfermos, nos centros que presten servizos sociosanitarios ou en calquera outro lugar que se determine regulamentariamente.

No período estival prodúcese un incremento notable da poboación, que se concentra en determinados puntos costeiros que, como o caso do Concello de Sanxenxo, e polo seu atractivo turístico, pasan a acoller un grande número de visitantes, aos que cómpre prestar os servizos básicos que demandan e lle corresponden legalmente.

Entre eses servizos están os correspondentes ao coidado e atención sanitarios, polo que cómpre dispoñer os mecanismos oportunos para a cobertura desa demanda potencial, especialmente no eido da medicina de familia, de xeito que poida ser atendida sen menoscabo da calidade habitual do Sistema Público e Saúde de Galicia.

Para tal efecto, dispónse a posta en marcha no Concello de Sanxenxo dun programa piloto de

reforzo e mellora da calidade dos servizos de Atención Primaria que, no caso de acadar os resultados agardados, poida ser estendido a outras entidades locais que presentan as mesmas necesidades coxunturais ao longo da xeografía da nosa comunidade autónoma.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como o carácter temporal do programa piloto a desenvolver, non resulta posible promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

